



Concello de Baleira

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA..

EXPEDIENTE 119/2020

O Goberno de España declarou o día 14 de marzo de 2020 o Estado de Alarma en todo o país durante quince días, que podería prorrogarse se fose preciso e contase coa autorización do Congreso de Deputados.

A medida adoptouse para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

O 15 de marzo do 2020 a Federación Galega de Municipios e Provincias publica una instrución dirixida ós concellos e que se incorpora ó expediente de referencia.

O Estado de Alarma comporta unha severa limitación dos desprazamentos e o peche dos establecementos comerciais. Así mesmo as Administracións Públicas están obrigadas a facilitar medidas que favorezan o traballo dende as súas casas aos empregados públicos na medida do posible, e sempre que sexa viable a prestación dos servizos públicos por medios non presenciais.

Á vista do anteriormente indicado

RESOLVO:

Adopta-las seguintes medidas dende o 16 de marzo do 2020 e ata o 29 de marzo do 2020:

1.- A comunicación co Concello de Baleira debe realizarse a través dos seguintes medios:

De forma telemática a través da sede electrónica municipal ,por correo electrónico ou por vía telefónica ,agás para casos excepcionais e urxentes con solicitude de cita previa :

- Teléfono da Casa do Concello : 982354059
- Correo electrónico : info@concellobaleira.es
- Sede electrónica: concellobaleira.sedelectronica.gal

2.- Os servizos administrativos municipais funcionarán dun modo reducido, equivalente a uns servizos mínimos. Só se atenderán nas oficinas municipais casos de urxencia e excepcionais que non admitan demora e que non poidan ser atendidos por algún dos medios anteriormente indicados , sempre con cita previa.

3 .- O persoal ó servizo do concello que dispoña de medios axeitados para elo poderá realiza-las súas funcións dende casa coas seguintes condicións:

Concello de Baleira

Avda. Dr. Escobar s/n,O Cádavo, Baleira. 27130 (Lugo). Tfno. 982354059. Fax: 982354039

ANGEL ENRIQUE MARTINEZ-PUGA LOPEZ (1 de 2)
ALCALDE
Fecha Firma: 16/03/2020
HASH: e8d8ee79db040a2230c0a2d6a25338f

MARIA ESPERANZA GARMENDIA NUÑEZ (2 de 2)
SECRETARIA
Fecha Firma: 16/03/2020
HASH: 4073119d4b61c25df73cbb82c4ca0e47

LIBRO DE DECRETOS

Número: 2020-0069 Fecha: 16/03/2020



Cód. Validación: 52JUGSLFC57HPD7KRXNIZTCE6E | Verificación: <https://concellobaleira.sedelectronica.gal>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 1 de 2



Concello de Baleira

-O persoal municipal que non preste servizos dun modo presencial deberá estar dispoñible durante toda a xornada laboral coa finalidade de prestar servizo ou reemplazar aos compañeiros cando fosen requiridos,

- Deberáse garantir a axeitada organización dos servizos municipais e a prestación dos servizos segundo o indicado no punto segundo deste decreto , polo que durante todo o horario de oficina de luns a venres de 08:30 a 14:30 horas haberá persoal na Casa do Concello que poida atender os asuntos ós que se refire o apartado segundo do presente decreto.

Procurarase que nas dependencias municipais haxa o mínimo persoal posible quen , en todo caso, poderá contactar co resto dos traballadores que realicen as súas tarefas dende casa.

4º.- Quedan suspendidas as sesións periódicas ou ordinarias dos órganos colexiados municipais (Xunta de Goberno Local, Pleno da Corporación, Comisións Informativas,...) agás para casos urxentes e excepcionais que se celebrarían coas medidas sanitarias e de seguridade que fosen necesarias .

6º.-Os traballadores do Concello que non presten servizo nas oficinas municipais realizarán o seu traballo atendendo ás indicacións estritas da Alcaldía e Concelleiro de obras e servizos do Concello ,ós efectos de atender aqueles servizos e necesidades prioritarias garantindo a absoluta seguridade e medidas sanitarias na prestación dos mesmos.

7º.- O servizo de axuda no fogar prestarase unicamente nos casos excepcionais e urxentes ós efectos de evitar que ningún usuario quede desasistido, seguindo indicacións da Traballadora Social do Concello .

8º.- Por necesidades de servizo suspéndese a concesión de días de asuntos propios ó persoal do Concello salvo para casos xustificados e urxentes .

9º Por esta Alcaldía poderanse prorrogar, ampliar ou modificar as anteriores medidas tendo en conta as indicacións das autoridades sanitarias ou medidas que dicten o resto de autoridades que sexan preceptivas ou recomendables na loita contra o Covid-19 .

Baleira, marzo do 2020.

O Alcalde

Asdo.: Ángel Enrique Martínez-Puga López

Mándao o Alcalde

A Secretaria-Interventora

Asdo.: Mª Esperanza Garmendia Núñez.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE.

Concello de Baleira

Avda. Dr. Escobar s/n, O Cádavo, Baleira, 27130 (Lugo). Tfno. 982354059. Fax: 982354039

LIBRO DE DECRETOS
Número: 2020-0069 Fecha: 16/03/2020



Cód. Validación: 52JJGSLFCS7HPD7KRXN2TC6E | Verificación: <https://concellobaleira.sedelectronica.gal>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 2 de 2



Concello de Baleira

ANGEL ENRIQUE MARTINEZ-PUGA LOPEZ (1 de 1)
ALCALDE
Fecha Firma: 13/03/2020
HASH: ed9deee78dd40af2230c0a2d6a25338f

BANDO

ANGEL ENRIQUE MARTÍNEZ-PUGA LÓPEZ , ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE BALEIRA (LUGO)

FAGO SABER:

Que, debido á preocupante situación xerada pola expansión do Coronavirus (COVID-19), este Concello adopta as seguintes medidas preventivas:

- O peche das seguintes instalacións municipais: Pavillón Polideportivo , Centro socio Cultural e Casa de Fonteo.
- A suspensión de todas as actividades municipais deportivas, culturais, sociais e lúdicas impartidas por este Concello, realizadas en todos os edificios públicos.
- A suspensión de todas as actividades que se leven a cabo en instalacións ou edificios municipais.
- A suspensión de todas as autorizacións municipais para todo tipo de actividades.
- Agás para casos excepcionais e sempre que sexa posible se farán vía telefónica, correo electrónico ou sede electrónica trámites que non requiran a presenza nas oficinas do Concello. O concello adoptará as medidas que sexan necesarias , por razóns de seguridade, para evitar acumulación de persoas na Casa do Concello.

Teléfono do Concello: 982354059

Correo electrónico: info@concellobaleira.es

Sede electrónica: concellobaleira.sedelectronica.gal.

A suspensión terá lugar **ata o 30 da marzo do 2020 con prosibilidade de prórroga** en función das indicacións das autoridades sanitarias.

Concello de Baleira

Avda. Dr. Escobar s/n,O Cádavo, Baleira. 27130 (Lugo), Tfno, 982354059. Fax: 982354039



Cód. Validación: YL4MGMINL4LHEWVXCYZDKG3CK | Verificación: <https://concellobaleira.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 1 de 2



Concello de Baleira

RECOMÉNDASE:

- Evitar: as aglomeracións, realizar viaxes e desprazamentos, salvo que sexan imprescindibles.
- Non levar aos nenos e nenas ao parque infantil.
- Seguir as instrucións ditadas polas Autoridades Sanitarias.

Solicítase a todos os veciños e veciñas de Baleira a máxima colaboración.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Baleira

Avda. Dr. Escobar s/n, O Cádavo, Baleira. 27130 (Lugo). Tfno. 982354059. Fax: 982354039



Cód. Validación: YL4MGMN14LHEWXY7ZDKG3CK | Verificación: <https://concellobaleira.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 2 de 2